

Novas da rede

En setembro, estreamos blogue

A partir de setembro, toda a Rede Mentoring disporá dunha nova ferramenta: un blogue! Na era de Twitter, Facebook ou Google +1, falar dun blogue ten xa matices “vintage”, pero Rede Mentoring lanza o seu blogue como punto de encontro de mentores, mentorizados e colaboradores. Un lugar onde pór en contacto a crecente e moi activa rede de profesionais, expertos e emprendedores que se está congregando ao redor da nosa Rede. Un lugar onde dar visibilidade á experiencia e os recursos dos moitos profesionais que participan e onde coñecemos mellor e compartir o que facemos, as nosas experiencias, contactos e información.

Ademais, neste blog tamén analizaremos casos de éxito galegos, máis aló das mentorizacións. Bic Galicia compartirá eses casos de éxito e dará participación aos membros da comunidade, coa intención de xerar máis achegamento entre os que formamos Rede Mentoring: os empresarios e profesionais.

Trátase, ao cabo, dun lugar de contacto e coñecemento, unha páxina viva a través da que comunicar contidos e experiencias. Agardamos contar coas vosas colaboracións! Por iso, desde Rede Mentoring porémonos en contacto convosco persoalmente, para explicaros o proxecto e como podeades colaborar. Grazas de antemán, lémonos en setembro!

Actualidade da empresa

Primeiro ciclo de formación para investidores privados

Bic Galicia, en colaboración co Club Financeiro de Vigo e a Escola de Negocios Novacaixagalicia, pon en marcha a **Escola de Investidores RedInvest**, cuxa primeira actividade será o **Ciclo de Formación para Investidores Privados Business Angels**.

O obxectivo é ofrecer aos posibles investidores os coñecementos, ferramentas e mecanismos que lle permitan reducir o risco e facilitar a súa entrada no capital dun proxecto innovador. Está dirixido a empresarios activos ou retirados, directivos de empresas ou consultores financeiros que representen a entidades de investimento e, en xeral, a todos os que desexen coñecer o proceso de investimento privado en empresas non cotizadas.

O ciclo será impartido no **Círculo de Empresarios de Galicia**, en García Barbón 62, Vigo, os xoves 22 de setembro, 6 e 20 de outubro e 3 de novembro, en horario de 9:00 a 18:00 horas. O aforamento é limitado e o período de inscrición remata o 16 de setembro.

Máis información: www.clubfinancierovigo.com

Xornada de peche do proxecto piloto Medra

Promovido pola consellería de Economía e Industria, o proxecto piloto Medra, coordinado por Bic Galicia coa participación do Igape e a Fundación para o Fomento da Calidade, é unha acción de apoio continuado e personalizado ás empresas novas que teñen interese en mellorar a súa potencialidade competitiva.

O 27 de xuño pasado tivo lugar no Museo Pedagóxico de Galicia en Santiago a xornada de presentación de resultados deste proxecto. Contou coa asistencia de Javier Guerra, conselleiro de Economía e Industria, Maite Cancelo, directora xeral de BIC Galicia, e de todos os empresarios Medra, que relataron a súa experiencia e fixeron balance do programa. É de salientar, neste punto, o alto grao de satisfacción e o excelente nivel de acollida entre os novos empresarios.

A xornada tamén serviu para poñer en marcha os itinerarios formativos que resultaron do traballo coas empresas e o plan de mellora deseñado para cada unha delas. Finalmente, expuxéronse as bases da continuidade do proxecto, que no último trimestre do ano comezará a traballar cun novo grupo de 15 empresas.

Máis información: www.proxectomedra.org



Xornada de presentación de resultados Medra.

AXENDA

Curso de coaching en Santiago

Organizado por ICC, International Coaching Community, e promovido por Approaching Spain e Qcoach, terá lugar no Hotel Tryp Torres de Compostela. Está dirixido a todas aquelas persoas que queiran exercer como coaches certificados e será impartido por Joseph O'Connor e Daniel Álvarez, trainer oficial de ICC. O proceso consta dunha primeira etapa presencial do 28 ao 31 de xullo, unha segunda etapa de prácticas de coaching e tarefas, unha terceira presencial do 15 ao 18 de setembro, unha cuarta de traballos para a certificación, unha xornada de experiencias de coaching o 8 de novembro e un período de prácticas e traballos finais. Custo: 3500 €. Concederanse 12 becas Qcoach entre os primeiros 20 candidatos. Número total de prazas: 25.

Máis información: <http://cursoscoachingicc.com/>

Experiencias de mentoring

PABLO LÓPEZ

Mentor da Rede Galega de Empresarios Mentores



Profesional da área de RR.HH e desenvolvemento de persoas con ampla experiencia en xestión do cambio e creatividade, Pablo López é coach e mentor para a innovación. Desenvolveu a súa carreira profesional como responsable de formación en empresas do sector TIC e téxtil e como responsable de proxectos de consultoría en estratexia e innovación. Ten formación en mercadotecnia e comunicación, con posgrao en RR.HH.

Que razóns leváronlle a sumarse á Rede Mentoring?

Considero que o asociacionismo e os contornos colaborativos son claves para desenvolver unha estrutura de coñecemento. Poder participar na creación dunha rede que facilita o emprendemento é motivo máis que suficiente, así como compartir experiencias e aprender.

Cal é, desde o seu punto de vista, o labor do mentor?

Penso que a figura do mentor é a de acompañar a unha persona na consecución do seu obxectivo profesional, facendo de espeillo para o mentorizado e aportando a súa intuición e experiencia.

Que requisitos debe cumprir unha empresa que demanda ser mentorizada?

Deberá ter unha idea clara de cal é o seu negocio e como desenvolvelo; a persoa que participe no proceso de mentoring deberá ter paixón e ilusión polo proxecto e o compromiso de levalo adiante.

No caso de Otcotiur, en que consistiu o proceso de mentorizaxe?

Otcotiur é unha microempresa xa en marcha e cunha clara traxectoria de asentamento e crecemento. As persoas que forman a organización son excelentes profesionais, polo que o proceso consistiu en identificar as áreas claves de xestión para o medre da empresa.

Que dificultades atoparon?

Como toda empresa de servizos, a planificación varía en función das necesidades e prazos dos clientes, polo que non sempre se pode cumprir. A propia dinámica das nosas actividades lévanos a buscar solucións a corto prazo e ferramentas que axilien o traballo, máis que a buscar o desenvolvemento das competencias necesarias para acadar o obxectivo. É cuestión de tempo e dedicación.

Como valora os resultados acadados?

Tanto no persoal como no proceso de mentorización podon consideralos positivos. Puidéronse cumprir os obxectivos de identificación de áreas clave e de identificación e traballo sobre as competencias requiridas. Otcotiur aportou ilusión, coñecemento e experiencia no campo da comunicación, o que favoreceu o alcance dos obxectivos.

Algunha suxestión sobre o proceso de mentoring?

Tal e como o entendo, vai orientado as persoas máis que ás empresas. Non obstante, facilitar o desenvolvemento do persoal clave dunha micropeme remata por converterse nun proceso que envolve a todo o persoal da empresa, polo que nalgunhas ocasións parece máis que se está a realizar mentoring empresarial que persoal. É fundamental fixar os obxectivos do proceso e o tempo para acadalos.

DENÍS MARIÑO BEIRAS

Otcotiur, comunicación a medida



Creada en marzo de 2010, Otcotiur é unha axencia adicada á dotación de servizos integrais ou parciais e de alta calidade no eido da comunicación. A publicidade, o deseño gráfico e o desenvolvemento de aplicacións para contornos en internet son os seus principais eixos de produción.

Que requisitos debe cumprir, na súa opinión, un mentor ou mentora?

Debe ter un coñecemento amplo das estruturas básicas no ámbito empresarial, saber diagnosticar a realidade das empresas mentorizadas e comunicar de forma efectiva e empática as súas valoracións.

Cales eran os seus obxectivos como empresa ao recorrer a un mentor?

Corroborar que o noso proceso de contabilidade era correcto. Apuntalar tamén os nosos coñecementos sobre procesos e ferramentas para o control de proxectos. E, por último, mellorar as nosas estratexias comerciais.

Poden destacar algunha das aportacións?

Aplicamos certos axustes na parte de contabilidade e a súa implantación está sendo satisfactoria. Tamén vimos ferramentas de dirección de proxectos que estamos probando de xeito positivo, pero aínda non temos implementado.

Como valoran a experiencia e a súa participación nela?

Moi positivamente. É unha axuda importante para que empresas con pouco percorrido teñan unha perspectiva global do seu posicionamento no mercado.

Algunha suxestión sobre o proceso de mentoring?

Creo que as empresas deben ter máis información global sobre os mentores que teñen á súa disposición. Agora mesmo, as empresas solicitan as áreas sobre as que queren ser mentorizadas, e Bic Galicia selecciona un candidato. Sería positivo traballar con varios currículos de mentores antes de decantarte por un.

AVISO

En agosto estaremos ausentes por vacacións, pero volvemos en setembro. Bo descanso a todas e todos!

MÁIS INFORMACIÓN

Teléfono: 981 546 823 - Fax: 981 546 832
www.redementores.com - info@redementores.com

BIC Galicia

Barrio de San Lázaro 63A
15703 Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA

